

O Miño

*O Miño é vello e é tristeiro,
sempre vai mudo. E vai senlleiro.
No Inverno semella que murmura
un segredo con forte voz escura.
Un escoita, atento e esperanzado,
e o vello Miño sempre vai calado.*

*De Terra Chá (1954)
Manuel María
(1929-2004)*

Ordeamento e axuda




Saleta Goi
(viúva)

 XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Emigración

 Fundación Manuel María
de Educación Galega

I Certame de Poesía en Língua Galega “Manuel María”



Casa de Galicia en Gipuzkoa

I Certame de poesía en lingua galega

"Manuel María"

Bases

- 1º O poema estará escrito en lingua galega e terá un máximo de noventa versos e un mínimo de corenta. Admitiranse conxuntos de poemas de temática común sempre que non excedan dos cen versos.
- 2º O poema enviarase nun sobre sen remitente nin indicación algunha referente a personalidade do autor ao seguinte enderezo:
Casa de Galicia en Gipuzkoa
Rúa Zabaleta, 28 - baixo
20002 - San Sebastián
(Gipuzkoa)

Noutro sobre pechado figurará exteriormente o primeiro verso do poema e no interior do mesmo sobre constará o nome, enderezo, número do DNI e teléfono do autor.
- 3º As obras que se presenten deberán ser inéditas.
- 4º Os poemas enviaranse por triplicado antes do día 18 de marzo de 2013.
- 5º A organización nomeará un xurado composto por persoeiros relevantes da creación e da crítica e daranse a coñecer no momento de facerse público o fallo do xurado.
- 6º Os premios fallaranse o 18 de maio de 2013. Os poemas premiados serán editados pola Casa de Galicia da forma e no lugar que se estime axeitado.
- 7º Os premios consistirán en:
1º premio: 400 euros
2º premio: 200 euros
3º premio: 100 euros
- 8º Os premios serán entregados na Casa de Galicia en Gipuzkoa unha vez realizado o fallo por parte do xurado.
- 9º O feito de participar supón aceptar a resolución do xurado así como as bases do certame. O xurado poderá declarar deserto algún premio.
- 10º A Casa de Galicia en Gipuzkoa resérvase os dereitos de publicar calquera dos traballos presentados ao concurso na forma ou no medio que estime oportuno.
- 11º Non se devolverán os orixinais.